

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACION AMBILAMP E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, PARA IMPLANTAR MECANISMOS QUE FACILITEN A COLLEITA SELETIVA DE RAEE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 17 de setembro de 2020 coa Asociación AMBILAMP o instrumento convencional arriba referido por unha duración necesaria para implantar a colleita selectiva de residuos RAEE e a súa xestión.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración para a implantación da colleita de residuos RAEE.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída como organización de natureza fundacional, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Universidade que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.



A Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da “Cidade da Cultura de Galicia” (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viais e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social “a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”. *en cuxos establecementos ou instalacións se xeran RAEE*

incluídos nas categorías 3, 4 y/o 5 do Anexo III del RD RAEE que poden ser posteriormente entregados a un Sistema Colectivo de Responsabilidade Ampliada do Produtor (no sucesivo SCRAP).

A Fundación xera residuos RAEE relacionados nas categorías 3, 4 e/ou 5 do Anexo III do RD RAEE; na conciencia de promover a mellora do entorno desde o punto de vista da natureza, leva a cabo políticas medioambientales entre as que se atopa a recollida selectiva dos residuos RAEE que permitan cumprir as obrigacións ambientais establecidas na normativa de aparatos eléctricos e electrónicos.

Pola súa banda, AMBILAMP entidade asociativa sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro de Asociacións con número nacional 585706, opera o Sistema Colectivo de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SCRAP) de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos autorizado nas categorías 1, 2, 3, 4, 5 e 6 do Real Decreto 110/2015, de 20 de febreiro, sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.



Visto o anterior, existe un interese común de poñer en marcha mecanismos eficientes da colleita seletiva dos residuos RAEE que permitan cumprir as obrigacións ambientais establecidas na normativa de aparatos eléctricos e electrónicos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

